

OBRADORIO LITERARIO . PROGRAMACIÓN.

1- TEMPORALIZACION

Este obradoiro está pensado para 10 horas de programa , en cinco tandas de 2 horas . no mesmo tratarase de fomentar a creatividade do alumnado, neste caso de primaria. A partir de 8 anos . Tamén que teñan uns conceptos sobre os xéneros clásicos, algúns autores e estilos , o conto tradicional e a poesía popular .

A recopilación de cantigas e contos nas casas e a creación paso a paso de contos tradicionais , e de cantigas serán obxetivos concretos .

A idea é a de fomentar o ánimo pola escrita , non só aportando exemplos do que facían os noso avós , das tradicións da zona. Neste caso, na Fisterra (regueifa, coplas do antroido, cantigas) . Tamén explicar o porqué destas creacións, o porqué dos contos e que buscaban ; introducir as novas formas de expresión no xeito de contar de hoxe : mensaxes de móbiles, videos de mobil, emails, comic, rap, window pains, demo tour, blog, video consola, diarios .

2- PROGRAMA

-INTRODUCCION E FORMACION DE EQUIPOS

Na primeira acción , de 2 horas, tratarase de definir os xéneros clásicos, cunha división entre PROSA e POESIA para crear grupos de traballo , según habilidades, curiosidades e desexos, dos participantes . Así poderase crear un equipo para ir facendo contos , outro para cantigas tradicionais, regueifas .

Neste periodo inicial entrarán os exemplos de relatos clásicos, contos tradicionais da zona, e notas de estilo de autores universais e galegos en pinceladas . Como pode nacer unha novela desde un conto(Qixote), o conto tradicional en autores galegos (Labarta, Fole , novos creadores), e a poesía galega (Rosalía, cancionero medieval, novos poetas da comarca).

A idea central é a de pescudar nos intereses do alumnado, nas súas inquedanzas, no que eles opinan sobre a creación literaria e de marcar un territorio de desenvolvemento de actividades . Sacarlles opinións no que escoitan .

Pediremos os alumnos que pregunten os seus vellos por cantigas e contos que recorden e os traigan aula .

-EQUIPOS CREATIVOS. O CONTO E A CANTIGA

O seguinte punto estará aberto as características do alumnado. Así podense crear dous equipos de traballo para crear CONTOS e CANTIGAS , ocupando na creación o resto do programa temporal, 8 horas .

Ou ben, se é o desexo do alumnado, dividir en dúas tandas de 4 horas as accións para que todos fagan contos e cantigas .

Partindo da base de que nos encontraremos con distintas habilidades e querencias , e tendo en conta outras anteriores iniciativas, a división en Prosa e Poesía dos equipos parecenos axeitada . Trataremos de que pequenos grupos traballen na confección dun conto según unhas pautas que lles imos dar . E por último, cada alumno individualmente seguindo esas pautas creará o seu propio conto .

3- MEMORIA

Do obradoiro sairá unha memoria de accións e tamén un blog de cuestións, citas, e aportacións dos participantes , dando a súa opinión sobre o traballo, sobre o taller. No taller de cantigas , aportanse distintos tipos e ritmos . Letras de cancións , como contos breves. Como un principio a historia dos pobos nacia nos bardos, nos poetas e a educación dos nenos se explicaba e versos para o recordo tribal.

No taller de contos, trátase de definir a categoría dos mesmos: tradicionais, monstros, maravillosos, ciencia ficción , medo .

Basearanse en tres pautas a seguir:

-A decisión dun principio (había unha vez, nun lugar de ningures, etc). Elección e protagonistas, descrición, costumes, xeito de vida , oficios, título .

E escolla da parte central (e entón pasou), que lle pode pasar o personaxe , reaccións, actos, amigos e enemigos . Debuxos, history board.

E o remate, a decisión dun final entre moitos que se propoñen desde o titor e desde o alumno.